

SAT A CAMPA E LELY, UNHA ALIANZA A PROL DA EFICIENCIA PRODUTIVA

O pasado 18 de xullo celebramos unha exitosa xornada de portas abertas na SAT A Campa de Curtis (A Coruña), á que asistiron un gran número de gandeiros e demais profesionais do sector para ver en funcionamento os catro robots de muxido Lely Astronaut A5 cos que traballan nas súas novas instalacións desde finais de febreiro.

APOSTA POLA RAZA JERSEY

A comezos de ano, a SAT A Campa estreou unhas novas e modernas instalacións nas que moxen unhas 260 vacas das razas Holstein e Jersey en catro robots Astronaut A5. “É unha granxa que prima o *cow comfort*, unha das máis innovadoras en benestar que hai en Galicia”, afirma Iván Brea, comercial de Lely Agrotec Entrecanales para A Coruña e Pontevedra.

“O noso obxectivo é mostrar como funcionan os robots Lely en explotacións grandes, e esta é unha gandería de referencia no ámbito galego, non só polo tamaño que vai ter de aquí a un ano, que serán unhas 500 cabezas en muxidura con oito robots, senón tamén por ter animais Jersey”, agrega o responsable comercial de Lely Agrotec Entrecanales para Galicia, David Peiteado.

Os animais están divididos en dous patios, cuxas dimensións se adaptan ás necesidades específicas de cada raza. No caso da Jersey, ao tratarse de exemplares menos voluminosos cós Holstein, atopámonos cunhas proporcións máis reducidas, acordes co seu tamaño: cubículos máis pequenos, cornadizas máis estreitas, presebes máis baixos etc. “Cada raza ten que ter as súas condicións ideais se queremos que sexan eficientes”, asegura Alberto Lamas, propietario da explotación.

Dentro de cada patio, as vacas poden acceder indistintamente aos dous robots, pois o que se busca é que haxa unha mellor circulación e un maior número de muxidos. “Á parte, cada robot ten a súa área de separación compartida, onde os animais poden ser separados polo criterio que marque o gandeiro. Deste xeito, o que facemos é centrarnos nos problemas, atender as vacas que realmente nos necesitan e deixar que o resto estea ao seu aire”, explica Brea.



Foto de familia co conselleiro do Medio Rural, José González (centro)

OS MOTIVOS DO CAMBIO

Conta Alberto que o proceso de adaptación foi moi rápido tanto para o rabaño como para os traballadores. “Desde o primeiro día as vacas melloraron ao cen por cen e á semana seguinte unha porcentaxe altísima xa estaba entrando sen axuda. Inicialmente tiña medo de meter algúns animais, pero logo vin que era ao revés, animal que metía novo, animal que melloraba. Foi bestial”, afirma. Dos sete empregados que teñen contratados destaca o entusiasmo co que acolleron o novo sistema.

A constancia foi unha das razóns que os levaron a dar o paso ao muxido robotizado. “Eu estou encantado cos meus operarios, loxicamente para min son os mellores, pero si é certo que unha máquina é capaz de muxir da mesma maneira as 24 horas do día e todos os días igual, entón a vaca habitúase e esta pasa a formar parte dela, e creo que este é un punto moi importante para a eficiencia do animal. Estou completamente convencido de que o robot é un sistema de futuro”, considera.

Pese a tratarse de dúas razas con necesidades de muxido distintas, o que pon de manifesto a versatilidade do Astronaut A5, a día de hoxe o número medio de muxi-

dos/día aproxímase en ambos os patios a tres. “A Jersey é máis propensa ao robot porque é máis áxil, máis curiosa, máis dócil e tamén máis larpeira. De feito, o parque das Jersey está máis cargado que o das Holstein e son capaces de facer as mesmas visitas ou máis ca elas”, afirma o gandeiro coruñés.

Acerca das medias de produción, puntualiza que é pronto para dar cifras verídicas, xa que os animais se tiveron que enfrontar a moitos cambios nos últimos meses e aínda non están totalmente habituados. “Non podemos dar datos concretos, pero así por riba podemos dicir que a día de hoxe as Jersey están nuns 25 kg, fronte aos 40 das Holstein”, di.

O ROBOT, FONTE DE DATOS

Outro aspecto que valora o propietario da SAT A Campa é o maior control do rabaño que ofrece o muxido robotizado. “Na sala estás menos tempo en contacto coa vaca e, ao final, non é só o ubre o que che pode dar datos de como se atopa, senón tamén a cara, a expresión, a ruminación, o estado de carnes... Co robot son máis aspectos a visualizar e a ter en conta para ver o estado do animal”, sostén.



OUTROS EQUIPOS LELY NA SAT A CAMPA



Alimentador automático Lely Calm



Cepillos Lely Luna



Arrimador de comida Lely Juno

“Hoxe en día o que buscamos son datos, e con este robot tes o que vén sendo o control absoluto da granxa. Sabes como está a saúde dos teus animais, que produción están dando, controlamos rumiación, controlamos celos, controlamos graxa, controlamos proteína... Permitimos que o gandeiro se antepoña aos problemas que poidan xurdir”, manifesta Brea.

PRÓXIMA AMPLIACIÓN CON OUTROS CATRO A5

Cómpre aclarar que por agora non todos os efectivos de A Campa se están muxindo nos robots. Unha parte considerable das vacas aínda permanece en dúas naveas antigas, onde son muxidas en cadansúa sala. Non obstante, o seu proxecto inmediato é dobrar as instalacións novas e colocar outros catro Astronaut A5 para poder unificar o muxido, facer máis eficiente a man de obra e seguir medrando, un proceso para o que, por agora, prefiren non poñerse límites.

“A idea da outra futura metade é que sexa toda para Jersey, porque, vendo como están evolucionando os animais, que cada día me convence máis”, declara Alberto. “A Jersey é unha raza que para Galicia en concreto pode ser tan rendible como a Holstein, xa que, cos mesmos quilos de materia seca, é capaz de producir moitos máis quilos de graxa e proteína, aínda que a cantidade de litros sexa menor. Creemos que o futuro vai un pouco por un leite diferente, con máis sólidos, e que a Jersey se adapta moi ben”, expresa.

OS FITOS DO ASTRONAUT A5

O último robot de Lely é un fito no muxido automatizado. “O Astronaut A5 é a culminación de 30 anos de experiencia e con el buscamos a simbiose entre o robot, a vaca e o gandeiro”, sostén o

comercial de Lely para A Coruña e Pontevedra. “As granxas estanse profesionalizando, os profesionais necesitan as mellores máquinas e, hoxe en día, Lely dispón da máquina máis avanzada do mercado”, engade.

O A5 tamén é un fito en canto á rendibilidade do investimento. Por unha banda, diminúe o consumo de enerxía un 20 % con respecto ao modelo anterior e, por outra, require menos mantemento ao incorporar un brazo híbrido que, ademais de ser máis robusto e máis longo, reduce considerablemente o consumo de aire. Tamén se modificou a bomba de leite, que incorpora un variador que adapta o envío de leite ás necesidades de cada explotación.

A facilidade de uso é outro dos fitos máis destacables do novo modelo. É unha máquina moi intuitiva, pensada para facilitarlle o manexo ao gandeiro. “Indícalo como ten que ir traballando no día a día e os mantementos preventivos que lle ten que ir facendo ao robot. As aplicacións e a interface son moito máis accesibles a calquera persoa de calquera idade”, explica Iván Brea. O novo modelo tamén conta cunha función de autodiagnóstico que indica en que fallou.

O último gran fito do Astronaut A5 ten que ver co maior confort das vacas. “Hoxe en día as ganderías investiron moito en xenética, temos animais moi bos e o que necesitamos son máquinas acordes que lles permitan expresar toda a súa potencia”, manifesta. O novo robot de Lely permite un muxido personalizado para cada cuarto e un selado perfecto, o que garante a saúde dos ubres. Os movementos rápidos, precisos e silenciosos do brazo, así como a amplitude do box, aumentan o benestar.



POR QUE VOS DECIDISTES POLO ROBOT DE LELY?

Alberto Lamas: “É complicado ás veces dar unha resposta única, pero si que é certo que Lely ten detrás un apoio, unha historia... Son os que máis anos levan no mercado e os que máis máquinas teñen instaladas. Iso, xunto co amparo técnico e o equipo profesional que hai detrás, foron os motivos básicos que nos fixeron decantar polos robots de Lely para este proxecto.”

A RESPOSTA DO MERCADO

Desde o lanzamento do Astronaut A5 en abril do ano pasado, Lely leva instaladas en Galicia máis de 50 unidades e as perspectivas de mercado seguen sendo moi boas. “Viñamos dunha máquina moi fiable, totalmente segura, capaz de facer moitos muxidos e de sacar moita cantidade de leite, e co novo robot conseguimos todo isto, pero con menos consumo, con menos mantemento e nunha máquina completamente fiable”, conclúe o responsable comercial de Lely Agrotec Entrecanales para Galicia, David Peiteado. ■



Reportaxe
en vídeo